

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de maio de 2026**

Ás 18.28 horas do día 20 de maio de 2026, réunese a Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade, en sesión ordinaria, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

D.^a Marta Nóvoa Iglesias

D.^a Patricia Torres Madureira

D.^a M.^a del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Álvaro Vila Araújo

D. Emilio Luís Díaz Vidal

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez

Deputados/as do BNG:

D.^a María José Mangana Guede

D. Xosé Manuel Puga González

Deputado de Democracia Ourensana:

D. Antonio Fernández Martín

D. Francisco Lorenzo López

Deputado non adscrito:

D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora accidental: D.^a M.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á DO DÍA 22 DE ABRIL DE 2026 (EXP. Nº 2026/30T/CI).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de abril de 2026.

Non se producen intervencións e, por maioría dos membros presentes, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Mocidade do día 22 de abril de 2026, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

Don Xosé Manuel Puga González, do BNG, pregunta en que cuestións tanto económicas, técnicas ou materiais colaborou a Deputación de Ourense no acto partidario do Partido Popular celebrado no pavillón polideportivo “Paco Chao” do Concello do Carballiño celebrado o 9 de maio de 2026.

O **presidente** contesta que a Deputación de Ourense non colaborou en ningún acto do Partido Popular. O Concello do Carballiño solicitou a cooperación ao Pazo dos Deportes Paco Paz para o uso de material que ten en modalidade de préstamo a todos os concellos da provincia e clubs deportivos que así o solicitan, en función das súas necesidades e que se cede temporalmente en función da súa dispoñibilidade. Ademais outras áreas da Institución Provincial tamén ceden temporalmente outro material a concellos e clubs, ou entidades sen ánimo de lucro. Neste caso prestouse ao Concello unha lona protectora do chan da pista deportiva que se foi a recoller a primeira hora do día seguinte, e que é a fotografía que circulou polas redes sociais. Unha actuación similar fíxose a petición do Concello de Xinzo de Limia coa Feira do Agro da Limia.

Dona María Mangana Guede, do BNG, pregunta se existe acceso universal, para persoas con mobilidade reducida, nas plantas altas do Teatro Principal.

O **presidente** contesta que existe acceso ao teatro para todo tipo de público ao patio de butacas en cumprimento da lexislación vixente. En todo caso interesárase por esta petición.

E, ás 18.31 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

